

TÍTULO

RESOLUCIÓN do 26 de novembro de 2013. **Axudas á primeira implantación promocional conxunta no exterior - Plan Primex (IG158)**
(DOG Nº 244 do 23/12/2013)

OBXECTO

Este programa está dirixido a empresas galegas que acaden un **acordo de cooperación** entre elas para aunar esforzos, compartir custos e, se é o caso, estratexia e marca para **establecerse por primeira vez en novos mercados internacionais para o lanzamento de produtos ou servizos galegos en novos mercados**. Tamén para os proxectos que teñan por obxectivo dar a coñecer e **promocionar produtos e servizos de empresas galegas** amparadas baixo os organismos intermedios.

ÓRGANO CONVOCANTE

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

BENEFICIARIOS

- **Agrupacións** de polo menos tres empresas, que se comprometan a crear unha sociedade de promoción comercial dos seus produtos en destino.
- **Conorcios** domiciliados en Galicia e con personalidade xurídica independente (cunha antigüidade máxima de 5 anos ao 1 de xaneiro de 2014) formados polo menos por tres empresas galegas.
- **Organismos intermedios** -asociacións empresariais, consellos reguladores, clústers empresariais e centros de tecnoloxía e de apoio á innovación tecnolóxica- que se comprometan a poñer en marcha un centro de promoción en destino dos produtos ou servizos das empresas asociadas. O número mínimo de empresas galegas que deberán comprometerse no proxecto será de cinco.

Segundo as definicións establecidas na orden.

1. Non poderán ter a condición de beneficiario as empresas que estivesen en crise.
2. A maioría das empresas participantes nos proxectos deben ser pequenas e medianas empresas galegas non vinculadas previamente entre si.
3. Admítese a participación de socios non galegos, ou con vinculación previa, pero as ditas partes non recibirán axuda.
4. No caso de agrupacións de empresas, a participación no proxecto de cada un dos beneficiarios da axuda non pode ser inferior ao 5%.
5. No caso de agrupación de empresas, cada unha das empresas deberá dispor dun diagnóstico positivo do potencial de internacionalización da empresa a través de programas de Igape. No caso de consorcios con personalidades xurídica propia, só é necesario para este, e non para cada unha das empresas. No caso de non dispoñer deste diagnóstico deberá solicitalo ao Igape ao mesmo tempo que presente a solicitude de axuda.
6. Todos os beneficiarios participantes no proxecto deben ter na data da solicitude e durante todo o prazo de execución do proxecto algún empregado por conta allea en Galicia.
7. Exclúense as empresas ou organismos intermedios que teñan sido beneficiarios para o mesmo país en convocatorias anteriores desta liña de axudas.

CONCEPTOS E
LÍMITES
SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os seguintes gastos de constitución e de funcionamento da sociedade que se constituía no país de implantación realizados e pagados no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2014** e a data de finalización do prazo de execución do proxecto establecido na resolución de concesión, que nunca poderá exceder do **30 de xuño de 2015**:

1) Gastos de constitución e posta en marcha do proxecto:

- a) Gastos de constitución en destino: acordos notariais, escrituras, inscricións, permisos administrativos, licenzas e outros gastos legais e administrativos que se realizan unha soa vez ao comezo da actividade.
- b) Gastos de asistencia técnica (legal, financeira ou consultoría).

O importe subvencionable máximo por este concepto será de 5.000€ -para proxectos que cumpran os mínimos esixidos de 3 empresas galegas participantes no proxecto- e 1.000€ de importe subvencionable máis por cada empresa adicional das que computan como subvencionables ata un **máximo de 10.000€** de importe subvencionable por este concepto.

2) Gastos en destino (facturados á sociedade ou filial en destino, salvo no caso de organismos intermedios sen personalidade xurídica en destino):

• **Gastos de funcionamento da sociedade en destino:**

- a) Gastos de persoal: soldos e salarios netos aboados ao xerente e persoal contratado en destino.
- b) Gastos de servizos profesionais externos en destino: gastos xurídicos, administrativos, tradución, contables e fiscais. O importe subvencionable **máximo non superará os 24.000 €/ano**.
- c) Gastos de aluguer: cando a actividade promocional o xustifique será subvencionable o aluguer de locais.
- d) Previamente á súa implantación definitiva, se deciden realizar a súa actividade dentro dun centro de negocios, subvencionarase o custo do aluguer ou cota correspondente.

• **Gastos de promoción relacionados co país de implantación:**

- b) Publicidade: custo de compra de espazos publicitarios en medios do país obxecto da acción promocional.
- c) Feiras e outros eventos expositivos do país de implantación como show rooms, catas, presentacións de empresa e/ou produto.
- d) Viaxes relacionadas co proxecto: viaxes de representantes da sociedade ou filial en destino. Só son subvencionables os gastos de avión, tren e autobús e gastos de hotel en réxime de aloxamento e almorzo.

Para viaxes con destino **Portugal: 500 €** por viaxe subvencionable.

Para viaxes con destino **resto de Europa: 1.000 €** por viaxe subvencionable.

Para viaxes con destino **fóra de Europa: 1.500 €** por viaxe subvencionable.

O importe subvencionable **máximo** non superará os **10.000 €** para proxectos en **Portugal**, **15.000 €** para proxectos en **resto de Europa** e **20.000 €** para proxectos **fóra de Europa**.

CONDICIÓN
ECONÓMICAS

A **contía da axuda é do 45% sobre o gasto subvencionable**. Esta porcentaxe incrementárase nun 5% por cada empresa galega/organismo intermedio participante na agrupación ou consorcio a maiores do número mínimo requirido de 3 empresas galegas ou 1 organismo intermedio, **ata un máximo de 70% de subvención**.

O porcentaxe da axuda pode incrementarse:

- En 5 puntos porcentuais por cada empresa computable na axuda membro da agrupación ou consorcio, ou por cada organismo intermedio con domicilio social en ou centro de actividade obxecto nas localizacións preferentes (provincias de Ourense ou Lugo, comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e da Costa da Morte).
- Se o solicitante é un clúster galego o algunha das empresas pertence a algún clúster galego, engadiranse 5 puntos porcentuais máis.

O **límite total máximo de axuda** será do 80 % de subvención sobre o gasto subvencionable.

O **límite máximo por proxecto** en que participe o número mínimo de tres empresas galegas ou un organismo intermedio galego será de 100.000 €, e por cada empresa ou organismo intermedio adicional, incrementárase o límite anterior en 10.000 €, ata acadar un límite máximo conxunto de 150.000 €.

TIPOS DE APOIO

- Subvención en réxime de concorrencia non competitiva.
- Axuda suxeita ao réxime de mínimos

PRAZO DE
SOLICITUDES

Remata o 3 de marzo de 2014.

LEXISLACIÓN

http://app.igape.es/.axudas/ver_pdf.asp?cod=3205

ASISTENCIA
TÉCNICA

- **Dpto. de Promoción Exterior e Relacións Internacionais Confederación Empresarial de Ourense**
María Fernández
Teléfono: 988 391 110
Mail: euuropeos@ceo.es
- **Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)**
Presentación de solicitudes: www.tramita.igape.es
Teléfonos: 902 300 903 ou 981 541 147